

**MOCIÓN CONXUNTA SOBRE A SOLICITUDE DUNHA
COMISARÍA DE DISTRITO DA POLICÍA NACIONAL PARA
O CONCELLO DE REDONDELA**

PLENO 09 de MAIO 2019. ACTA 07/2019

Moción do conxunta do PP, PSdeG-PSOE, AER, BNG e Concelleiro Non Adscrito, con entrada no Concello o día 02.05.2019 con número 2019-E-RE-778 que se transcribe a continuación:

“Redondela con case 30.000 habitantes dispersos nunha importante extensión nas 13 parroquias do noso termo municipal, e estando enmarcada dentro da área metropolitana de Vigo, a máis poboada de Galicia, precisa ter garantizada a seguridade cidadán e un número de efectivos suficiente que coñezan o termo municipal de Redondela e especialmente as parroquias e barrios do noso Concello, algo que é imprescindible para ante calquer situación de perigo minimizar os tempos de chegada e actuación da Policía.

Despois da preocupación transmitida polos distintos sindicatos que representan os Policias Nacionais adscritos as Comisaria Vigo-Redondela, os que damos todo o noso apoio, e trala confirmación por parte do Comisario de que se van a retirar os Policias que fan o seu servizo en Redondela.

Dende o Concello creemos que non so non se deben retirar estes Policias se non que o plantexamento ten que ir en prol da mellora a ampliación do Servizo que se dá en Redondela por iso Redondela debería ter unha Comisaría de Distrito, que contaría cos seguintes servizos

- Grupo de Atención ao Cidadán (GAC), dependendo da Brigada de Seguridade Cidadá de Vigo.
- Grupo Operativo de Policía Xudicial (GOPJ), dependendo da Brigada de Policía Xudicial de Vigo.
- Oficina de Denuncias e Atención ao Cidadán (ODAC), con capacidade para a tramitación de detidos.”
- Unidade UFAM. Unidade de atención a familia e de atención en casos de Violencia de xénero.

Outros servizos cos que debería contar a Comisaría de Distrito de Redondela sería un precalabozo para a estancia dos detidos ata o traslado aos calabozos da

Comisaría de Vigo, así como unha Unidade de Protección e Control (UPC) para a custodia dos detidos e protección das dependencias policiais.

Esta Comisaría de Distrito para Redondela iniciárase con 40 funcionarios o que suporía ter unha plantilla de xeito permanente que tería un mellor coñecemento do noso Territorio e dos nosos veciños, o que redundaría nun mellor e eficaz servizo de seguridade no noso Municipio.

E por todo isto é polo que solicitamos ao pleno do Concello que se aproben os seguintes,

ACORDOS:

Solicitar a Subdelegación do Goberno e a Comisaría de Vigo/Redondela que se paralice a orde dos cambios nos efectivos adscritos a Redondela.

1. Instar a Subdelegación do Goberno a solicitar o Ministerio do Interior unha Comisaría de Distrito para Redondela.

2. Instar a Subdelegación do Goberno a solicitar o Ministerio do Interior que a Comisaría de Vigo/Redondela deixe de ser dependente de Pontevedra.

3. Dar traslado a todos os sindicatos presentes nesta reivindicación do acordo tomado pola corporación.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) aprobou a Moción nos antecedentes transcrita.